CONVOCATORIA DE MOBILIDADE
PROGRAMA ERASMUS+ PARA A MOBILIDADE DE APRENDENTES ADULTOS

KA121-ADU 2025 Proxecto acreditado para a mobilidade de aprendentes adultos e persoal de educación de persoas adultas

En cumprimento co establecido no proxecto presentado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo para a concesión de subvencións á mobilidade dos aprendentes adultos, particularmente aquel alumnado con menos oportunidades, ao abeiro do programa Erasmus+ KA121-ADU, convócanse **vinte e catro** prazas de mobilidade para realizar unha estadía de aprendizaxe por observación durante o presente curso académico.

A distribución das mobilidades será publicada unha vez se coñeza o número total de solicitantes e se reúna a comisión de selección, formada por dous membros do equipo directivo e dous membros do equipo de Internacionalización e Proxectos Europeos do centro.

1. Requisitos dos solicitantes:

- Alumnado oficial matriculado na EOI de Vigo no curso 2025-2026.
- Maiores de idade (18 anos cumpridos antes da solicitude)
- Cidadáns europeos ou extracomunitarios con permiso de residencia en España cuxa lingua materna non coincida coa do destino da mobilidade
- Ter presentado en prazo a seguinte documentación:
  - ☑ Formulario de inscrición debidamente cuberto.
  - ☑ Documentación acreditativa da situación alegada en cada caso.
  - ☑ Declaración responsable da veracidade da documentación aportada e compromiso de realización das xestións previas á viaxe, así como a participación nunha actividade de difusión.

2. Lugar e prazo de presentación das solicitudes:

Tanto o formulario de inscrición como a declaración responsable estarán dispoñibles na Aula Moodle da escola. As solicitudes e a documentación xustificativa deberán ser presentadas en papel e de xeito presencial na administración do centro. O **prazo ampliado de presentación** das solicitudes e a documentación será **ata o 4 de decembro inclusive, ás 20:00 horas.**

3. Mobilidades ofertadas, duración e descrición das mesmas:

☛ MOBILIDADE 1: **ESTADÍA DE OBSERVACIÓN E INMERSIÓN CULTURAL EN FOLIGNO (ITALIA)**
Número de prazas: **8**
Centro e cidade de realización: Centro de educación de adultos en Foligno. Perugia, Italia.
Data de realización: **16 – 20 marzo 2026**
Lingua de realización da actividade: inglés, italiano
Profesorado acompañante: si
Descrición da actividade: Estadía formativa mediante observación de clases nun centro educativo no estranxeiro, obradoiros e visitas a lugares de interese histórico e cultural

- MOBILIDADE 2: **ESTADÍA DE OBSERVACIÓN E INMERSIÓN CULTURAL EN CORK (IRLANDA)**
  Número de prazas: **8**
  Centro e cidade de realización: *Cork College of FET*, Clonakilty Centre. West Cork, Irlanda.
  Data de realización: **23 – 27 marzo 2026**
  Lingua de realización da actividade: inglés
  Profesorado acompañante: si
  Descrición da actividade: Estadía formativa mediante observación de clases nun centro educativo no estranxeiro, obradoiros e visitas a lugares de interese histórico e cultural

- MOBILIDADE 3: **ESTADÍA DE OBSERVACIÓN E INMERSIÓN CULTURAL EN BURSA (TURQUÍA)**
  Número de prazas: **8**
  Centro e cidade de realización: Centro de educación de adultos en Bursa, Tuquía.
  Data de realización: **23 – 27 marzo 2026**
  Lingua de realización da actividade: inglés
  Profesorado acompañante: si
  Descrición da actividade: Estadía formativa mediante observación de clases nun centro educativo no estranxeiro, obradoiros e visitas a lugares de interese histórico e cultural

4. Comisión e criterios de selección:

Unha vez rematado o prazo de presentación, a comisión de selección reunirase para valorar todas as solicitudes recibidas aplicando os criterios de selección establecidos pola axencia nacional Erasmus+ [SEPIE, Servizo Español para a Internacionalización da Educación].

Soamente será elixibles o alumnado encadrado nos seguintes grupos, segundo a orde de prioridade na adxudicación:

- **GRUPO A:** alumnado adulto cun nivel académico máximo de Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.
- **GRUPO B:** alumnado en situación de especial vulnerabilidade, perceptores de prestacións sociais e/ou bolseiros, membros de familias numerosas e/ou monoparentais, desempregados/as de longa duración, alumnado con discapacidade e residentes en zonas rurais afastadas**.**

A valoración das solicitudes terá en conta o baremo por puntos segundo a xustificación documental achegada co formulario de solicitude e a antigüidade no centro do alumnado solicitante.

1. Situación de especial vulnerabilidade
   - Risco de exclusión social, dependencia, refuxiado/a: 2 puntos
   - Vítima terrorismo, violencia de xénero ou orfandade: 1 punto

2. Obstáculos económicos
   - Perceptores de prestacións sociais: 2 puntos
   - Bolseiros: 1 punto

3. Discapacidade: 1 punto

4. Familias numerosas, monoparentais e/ou desempregados de longa duración
   - Familia numerosa especial: 2 puntos
   - Familia numerosa ordinaria: 1 punto
   - Familia monoparental: 1 punto
   - Desempregados de longa duración: 1 punto

5. Residentes en zonas rurais afastadas: 1 punto

6. Antigüidade na escola, a renuncia á matrícula non computará a efectos de antigüidade.
   - Máis de tres cursos consecutivos, incluíndo o presente ano académico: 3 puntos
   - Ata tres cursos consecutivos, incluíndo o presente ano académico: 2 puntos
   - Máis de tres cursos non consecutivos, anteriores ao presente ano académico: 1 punto

   De ser necesario, terase en conta a presentación aos exames oficiais como elemento de desempate neste apartado.

Como criterios de desempate, establécense os seguintes:

1. *Maior puntuación no apartado 1*
2. *Maior puntuación no apartado 2*
3. *Maior puntuación no apartado 3*
4. *Maior puntuación no apartado 4*
5. *Maior puntuación no apartado 5*
6. *Maior puntuación no apartado 6*

XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL

O alumnado deberá aportar a documentación xustificativa da súa situación para ser tida en conta no baremo de puntos:

GRUPO [A]

Cualificación académica acreditativa dun nivel de estudos non superior á ESO

- Título ou certificación equivalente de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou inferior

Antigüidade no centro

- Certificado que acredite a antigüidade na EOI de Vigo, emitido polos servizos administrativos do centro no momento de presentar a solicitude. Non é preciso pedilo con antelación.

GRUPO [B]

Situación de especial vulnerabilidade (se procede)

- Informe dos servicios sociais da Administración Local que acredite a situación das persoas en risco de exclusión social.
- Informe de Servicios Sociais, situacións de especial necesidade e emerxencia social así consideradas pola administración pertinente.
- Certificación de situación de dependencia ou participantes con persoas dependentes a cargo.
- Certificación administrativa de seren vítimas de terrorismo, violencia de xénero ou orfandade.

Obstáculos económicos (se procede)

- Certificado de percepción de prestación de Ingreso Mínimo Vital / Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza.
- Ser o ter sido beneficiario dunha beca de estudos da Administración Xeral do Estado.
- Acreditación de situación daquelas persoas que non poidan acceder ás prestacións arriba descritas por algunha das seguintes causas: falta do período esixido de residencia ou empadroamento o ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.

Discapacidade (se procede)

- Certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente (CCAA) que presenten una discapacidade recoñecida.
- Terase en conta o feito de ter unha solicitude aberta para o recoñecemento da discapacidade, con informes médicos, psicolóxicos e psiquiátricos ou de entidades sociais.

Situación socioeconómica (se procede)

- Certificado que acredite a situación de familia numerosa ou monoparental.
- Certificado que acredite a situación de desemprego de longa duración, isto é, que a persoa solicitante teña estado rexistrada nunha oficina de emprego durante polo menos os 12 meses anteriores á solicitude. [Fonte: *Servicio Público de Emprego Estatal*, SEPE]

Obstáculos xeográficos (se procede)

- Certificado que acredite residencia en zonas rurais con escaseza de poboación (inferior a 30.000 habitantes e/ou densidade inferior ós 100 habitantes por km2), illamento xeográfico e/ou dificultades de vertebración territorial, tales como transporte público limitado ou instalacións deficientes. [Fonte: *Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, art. 3*]

Antigüidade no centro

- Certificado que acredite a antigüidade na EOI de Vigo, emitido polos servizos administrativos do centro no momento de presentar a solicitude. Non é preciso pedilo con antelación.

5. Renuncia automática, lista de suplentes e prioridade.

No caso de que unha persoa opte ás tres mobilidades ofertadas, a adxudicación dunha praza nunha delas (segundo a súa orde de preferencia) implicará a renuncia automática á(s) outra(s).

As persoas solicitantes que non obtiveran praza na primeira adxudicación pasarán a formar parte da lista de suplentes segundo a orde de prioridade establecida no baremo.

Terá prioridade o alumnado que non teña sido beneficiario destas bolsas durante os cursos 2023-2024 e 2024-2025. O alumnado beneficiario en anos anteriores non poderá optar en ningún caso á unha mobilidade nun país que xa teña visitado ao abeiro deste programa Erasmus+

6. Condicións económicas da subvención

A axencia nacional de xestión das mobilidades Erasmus+ [SEPIE] establece as seguintes asignacións orzamentarias para as mobilidades de aprendentes adultos en Educación de Adultos:

Foligno (Italia)
- Viaxe: **309 EUR** [distancia Vigo – Foligno: 1750 km]
- Apoio para aloxamento: 5 días + 2 días viaxe x 89 EUR diarios = **623 EUR**

Cork (Irlanda)
- Viaxe: **309 EUR** [distancia Vigo – Cork: 1079 km]
- Apoio para aloxamento: 5 días + 2 días viaxe x 89 EUR diarios = **623 EUR**

Bursa (Turquía)
- Viaxe: **580 EUR** [distancia Vigo – Bursa: 3143 km]
- Apoio para aloxamento: 5 días + 2 días viaxe x 65 EUR diarios = **455 EUR**

Como medida de apoio ao alumnado con menos oportunidades, o SEPIE determina que as persoas beneficiarias contarán cunha cantidade adicional de **125 EUR** en concepto de apoio á inclusión.

A EOI de Vigo **empregará os servizos dunha axencia de viaxes para a xestión da viaxe e aloxamento**, intentando buscar a opción máis económica para o beneficio do alumnado.

No día da publicación da presente convocatoria, a axencia de viaxes confirma que os custos da viaxe e aloxamento estarían cubertos pola subvención pero que, no momento de formalizar as reservas, estes custos poderían sufrir lixeiras variacións. O alumnado participante deberá ter en conta, por tanto, que **as asignacións orzamentarias arriba descritas poderían non cubrir a totalidade dos gastos da mobilidade**.

7. Publicación de concesión:

A publicación da **resolución provisional** de concesión das mobilidades terá lugar o **11 de decembro** a través da Aula Moodle da EOI, e os participantes disporán de cinco días naturais, do 12 ao 16 de decembro inclusive, **para realizar as reclamacións e/ou consultas por cómputo erróneo de méritos** que consideren oportunas, tendo en conta que non se poderá aportar documentación neste período.

Así mesmo, os participantes poderán renunciar á praza adxudicada na resolución provisional, se así o desexan. No caso de renuncia, acudirase á lista de suplentes segundo a orde de prioridade establecida na convocatoria.

A **resolución definitiva** de concesión publicarase **o 18 de decembro de 2025.**

As resolucións incluirán os nomes das oito persoas beneficiarias en cada unha das mobilidades e as dez primeiras persoas de cada lista de suplentes. Por razóns de privacidade dos solicitantes, soamente se farán públicas as puntuacións totais do baremo de méritos.

Tamén se publicará unha listaxe cos nomes das persoas non beneficiarias en cada grupo, en orde alfabética e sen cualificación, entendéndose que as súas puntuacións serán en todo caso inferiores ás da derradeira persoa na lista de suplentes do seu grupo. Ao final desta listaxe incluiranse os nomes das persoas non admitidas na convocatoria por non ter cumpridos algún dos requisitos mínimos.

8. Información de interese para todos os participantes

Tras a publicación da resolución definitiva, a axencia de viaxes colaboradora porase en contacto coas persoas beneficiarias para a xestión da viaxe e o aloxamento. Este será preferentemente en réxime de habitación compartida entre persoas do mesmo xénero e, de ser posible, con idades semellantes. Soamente se poderá dispor de habitación individual se non se causa prexuízo a outro/a compañeiro/a de viaxe e previo pago do suplemento establecido pola axencia.

Así mesmo, as persoas beneficiarias poderían ter que aboar os desprazamentos internos no país de destino, agás os traslados entre o aeroporto e o aloxamento. O profesorado acompañante tentará buscar a opción de transporte máis eficiente e económica en cada caso.

No que respecta ós traslados desde e ata o aeroporto de saída, cada grupo acordará a mellor opción en cada caso. A axencia de viaxes determinará se este custo queda cuberto pola subvención unha vez aboados todos os gastos da viaxe e aloxamento.

EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE

1. As persoas beneficiarias serán as únicas responsables da xestión e coste do visado e/ou permiso de viaxe, no caso de precisalos. Se un participante non puidese viaxar ó país de realización da mobilidade por non dispoñer da documentación necesaria, ofrecerase esta praza á seguinte persoa candidata na lista de suplentes.

2. Así mesmo, os beneficiarios serán os únicos responsables de levar consigo a documentación oficial vixente e en regra. Cada participante deberá informarse do prazo de obtención de visados, pasaportes, certificados etc., no caso de precisalos. No caso de ter sido rexeitada por algunha Autoridade a concesión dun visado, por causas particulares do viaxeiro, o de ser denegada a súa entrada ao país de destino por carecer dos requisitos esixidos, o por defecto na documentación requirida, o por non levala consigo, a Escola Oficial de Idiomas como centro emisor rexeita toda responsabilidade por estes feitos, sendo por conta do participante calquera gasto que se produza por estas circunstancias.

3. Se o participante no programa tivese unha alerxia, intolerancia alimentaria ou calquera outra circunstancia similar, é a súa responsabilidade planificar a viaxe con antelación e tomar as debidas precaucións. Recoméndase levar consigo un plan de atención de emerxencias (en caso de reacción alérxica) e/ou un informe médico actualizado.